



Alcaldía do Concello de
VALDOVIÑO
Porta do Sol-Poulo
15552 - VALDOVIÑO (A CORUÑA).

Expediente: IN407A 2023/281-1(expropiacións)

Proxecto: SUSTITUCION DE CT. CARBALLAL 15CU83 PARA INSTALACION DE TELECONTROL.

Asunto: Convocatoria actas previas á ocupación en procedemento expropiatorio

Para os efectos do levantamento das actas previas á ocupación no procedemento expropiatorio de referencia, a partir das 11:15 horas, sobre as fincas propostas neste proceso expropiatorio, e posteriormente as 11:45 nas oficinas desa Casa Consistorial ou local que se habilite, prégoille a súa comparecencia ou a do Concelleiro/a no que delegue, o día **28 de abril de 2026** en cumprimento e aos efectos dos artigos 52 da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954 e 56 e 57 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.

Prégoille a publicación no taboleiro oficial dese concello do acordo que se acompaña xunto coa relación das fincas propostas neste proceso expropiatorio.

Coa finalidade de levar confeccionada a acta na referida data prégoille, así mesmo, confirmen a este Departamento Territorial o nome e apelidos do Alcalde ou do Concelleiro/a que acorden designar para o dito acto.

A Coruña, na data que figura na sinatura electrónica.

Departamento Territorial
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
<https://economia.xunta.gal>

